

CONCRECIÓN CURRICULAR
CEIP ANTONIO BLANCO RODRIGUEZ
CURSO 2023/2024

1. A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro.

Os nosos obxectivos irán encamiñados ao logro, por parte do alumnado, das capacidades que lles permitan:

1. Coñecer os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
2. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
3. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
4. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non -discriminación de persoas con discapacidade.
5. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.
6. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
7. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
8. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.
9. Desenvolver un espírito crítico ante o funcionamento e uso de novas tecnoloxías e previr riscos asociados.
10. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
11. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

12. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos de comportamento que favorezan o seu coidado.
13. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
14. Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
15. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.
16. Mellorar a competencia dixital educativa facendo uso por parte de todo o profesorado e alumnado das ferramentas dixitais a disposición por parte da consellería para que o ensino sexa na porcentaxe máxima posible en formato dixital na docencia directa.
17. Fomentar o uso de metodoloxías avanzadas e competencias dixitais no emprego da realidade virtual (metaverso) e da robótica pioneira para a docencia diaria.
18. Implantar o PDC con equipamento en todas as aulas, transformación de espazos axeitados a tecnoloxía para realizar un cambio metodolóxico na comunicación entre o alumnado, profesorado e familias no proceso da aprendizaxe na docencia directa.

2. A contribución á adquisición das competencias

As competencias clave son os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais

Para unha adquisición eficaz das competencias clave e a súa integración efectiva no currículo é preciso incorporar certas estratexias de actuación no exercicio docente encamiñadas a deseñar tarefas motivadoras para o alumnado que partan de situacións-problema reais e se adapten aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e fomentando o traballo en equipo, facendo uso de métodos, recursos e materiais didácticos.

Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, no seu caso, as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

A fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as

adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar

3. Os criterios para incorporar elementos transversais

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia recolle os elementos transversais que deben tratarse en todas as áreas como contidos implícitos, coa finalidade de que o alumnado alcance o seu máximo desenvolvemento integral.

Os elementos transversais son liñas teóricas que impregnan, vinculan e conectan todas as materias do currículo e, polo tanto, favorecen unha visión de conxunto. De feito, o seu tratamento debe ser necesariamente multidisciplinar, xa que a súa propia natureza exclúe a súa integración nunha área ou materia concreta do currículo. Presentan ao alumnado e ao profesorado un grupo amplo de aspectos que a sociedade, no seu conxunto, e as persoas, de forma individual, deben comprender e tratar de solucionar. É fundamental, polo tanto, coñecelos, observalos e promovelos desde todas as áreas.

Son os seguintes:

- A comprensión da lectura.
- A expresión oral e escrita.
- A comunicación audiovisual.
- A competencia dixital.
- O fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- A igualdade entre mulleres e homes.
- A educación para a paz e resolución pacífica de conflitos.
- A educación ambiental, para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.
- A educación para a saúde.
- A educación afectivo-sexual.
- A educación emocional.
- A educación en valores.
- A educación vial.
- A interculturalidade.
- A educación cívica e constitucional.

Traballaranse:

Partindo dos contidos nas distintas materias, dado que, algúns deles forman parte dos temas propios dalgúna materia.

- A través do Plan de Acción Titorial no que se integran contidos relacionados coa convivencia, a resolución de conflitos, as habilidades sociais e o desenvolvemento emocional e persoal entre outros. O centro e a aula son un lugar idóneo para poder aprender por propia experiencia as actitudes básicas e necesarias para unha convivencia realmente libre, solidaria, democrática e participativa.
- Por outro lado, a construción de actitudes que estimulen ao diálogo como vía de resolución de conflitos entre persoas ou grupos será o noso obxectivo básico. • Participando nas actividades propostas dende todos os equipos (actividades complementarias e extraescolares, TIC, biblioteca, EDLG) e dende os plans de innovación que se levan a cabo no centro.
- A través de diversas actividades programadas en colaboración con outras entidades como o Concello de Covelo, Asociación AMAINA, etc.
 - Implicándose en campañas ou conmemoracións de datas sinaladas, especificadas nas ordes polas que se aproba o calendario escolar de cada curso, co fin de concienciar e sensibilizar ao alumnado sobre diversos temas sociais. Con ese fin prográmanse unha serie de actividades que se inclúen na Programación Xeral Anual.
- Colaborando en actividades encamiñadas ao coidado do medio ambiente, fomentando un coidado minucioso do entorno (horta e invernadoiro escolar) e unha actitude respectuosa por todo o relacionado co medio natural.
- Fomentando a análise crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación, a publicidade, lecturas e situacións da vida cotiá; rexeitando contidos sexistas ou discriminatorios polas diferenzas entre as persoas.
- Fomentando a educación para a saúde, a través da alimentación saudable, fomentando o exercicio (Deporte Escolar) e uns adecuados hábitos hixiénicos.
- Contribuíndo a que todo o alumnado, independentemente da súa procedencia e identidade, aprenda a convivir na nosa escola como espazo democrático, libre de racismo e intolerancia, preparándoos para a vida nunha sociedade multicultural.
- Modificando hábitos discriminatorios por sexo e procurando utilizar un linguaxe non sexista e programar actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual.

4. Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A metodoloxía empregada estará baseada nun enfoque cooperativo, nos que todos os membros da comunidade poidan expresarse e facer propostas; partindo do debate para chegar á resolución conxunta dos diferentes temas.

A intervención será principalmente proactiva, polo tanto enfocada á prevención e ao desenvolvemento das capacidades individuais.

A liña metodolóxica que afecta o proceso de ensino-aprendizaxe baséase nos seguintes principios e obxectivos:

- A figura do profesor: transmisor de coñecementos ademais de orientador e guía do alumnado para que este último adquira as técnicas que lle permitan adquirir de xeito doado os conceptos transmitidos, fomentando a participación e o espírito crítico ademais da creatividade e a imaxinación.
- Potenciar o uso das TIC no Centro e favorecer a adquisición de competencias dixitais superiores.
- Fomento das relacións de convivencia en harmonía, cun espírito de colaboración e tolerancia entre todos os membros da Comunidade educativa.
- Integrar o uso do espacio da Biblioteca, como lugar de estudo, investigación, consulta e préstamo.
- Potenciar o traballo cooperativo e as actividades participativas combinándoas con outras de tipo individual.
- Integrar os alumnos/as con necesidades educativas especiais, favorecendo as relacións que teñan como obxectivo básico a igualdade, o pluralismo, a solidariedade, o respecto mutuo e a non discriminación.
- Promover hábitos saudables que impliquen a valoración e o respecto cara a vida, a saúde e a protección do medio ambiente.
- Dar prioridade á comprensión dos contidos fronte á aprendizaxe puramente mecánica e memorística.
- Favorecer o desenvolvemento de habilidades sociais, comunicativas e empáticas.
- Coidar moito o aspecto socializador e de relación, tanto no gran grupo (centro) como no pequeno (aula). Un bo clima favorece unha aprendizaxe máis factible para todos.
- Poñer especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- Proporcionar guías e estratexias de aprendizaxe, fomentar o afán de superación e a interiorización de rutinas de pensamento.

- Requirir o exercicio de funcións cognitivas de orde superior (funcións executivas).

5. Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico proposto.

Os criterios que se terán en conta son:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- O emprego de textos e imaxes que fomenten a igualdade de xénero e proporcionen referentes femininos para empoderar as nenas.
- Promoverase o acceso de todas as aulas aos recursos dixitais
- Todos os grupos do centro disporán dun horario semanal para poder acceder á biblioteca

6. Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Partindo da premisa que considera unha educación de calidade aquela que responde ás novas demandas sociais de modo eficaz e proporciona non só un incremento da súa calidade de vida, senón tamén igualdade, xustiza e oportunidades para todos. Neste contexto é no que se ha ir recoñecendo a contribución das actividades complementarias para lograr unha formación plena dos alumnos/as.

As actividades están relacionadas con:

- Os contidos de cada área.
- O establecido no calendario escolar como conmemoracións a traballar.
- Os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.
- O coñecemento do patrimonio social e cultural de Covelo e da súa contorna.
- O coñecemento dos recursos naturais da zona, realizando visitas e traballos.
- Actividades acordes ao proxecto anual de centro

7. Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Cando un alumno/a acada a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

O profesorado responsable da materia elaborará un Plan de Reforzo e Recuperación da materia pendente para o seguinte curso, orientado a alcanzar as aprendizaxes imprescindibles, que lle permitan continuar con éxito no nivel que comeza. Para iso, o profesorado que imparte esa área debe aplicar as medidas específicas de reforzo que se consideren necesarias para que o alumno/a poida superar as dificultades de aprendizaxe que motivaron a avaliación negativa. Estas medidas de reforzo aplicaranse conforme ao Plan Xeral de Atención á Diversidade e terá en conta que todas as materias do curso contan con contidos progresivos, polo que aprobar un área nun curso implica necesariamente a superación desa área como pendente en ciclos anteriores.

As familias serán informadas da existencia do Plan de Recuperación e da adquisición e superación do mesmo no momento que se acade.

8. Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso.

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

As medidas de reforzo educativo (RE) que se poderán tomar serán:

- RE polo profesorado de área.
- RE coa colaboración do profesorado con dispoñibilidade horaria (ou do profesorado especialista en PT e/ou AL, en casos de neae).

9. Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Criterios de **AVALIACIÓN** do alumnado de **1º CICLO** de E.P.

- Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas coa realización de probas de avaliación orais e escritas (15 %)
- Realización do traballo diario na aula (60 %)
- Caderno de traballo (organización, presentación, limpeza) (10%)
- Valoración de actitude positiva ante o traballo, participación na aula e tarefas (15%)

Criterios de **AVALIACIÓN** do alumnado de 2º **CICLO** de E.P.

- Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas coa realización de probas de avaliación orais e escritas (40 %)
- Atención, participación, actitude e esforzo (20%)
- Caderno de traballo (organización, presentación, limpeza) (20%)
- Coidado do material (20%)

Criterios de **AVALIACIÓN** do alumnado de 3º **CICLO** de E.P.

- Cualificación obtida nas probas realizadas dos contidos dos temas (orais ou escritas) (60%)
- Avaliación continua, traballo na aula e tarefas (25%)
- Revisión de cadernos e traballos:(15%)

Criterios de **PROMOCIÓN** do alumnado de 1º , 3º e 5º

A promoción será automática.

Criterios avaliación alumnado con AC serán os incluídos na devandita adaptación

Criterios de **PROMOCIÓN** do alumnado de 2º, 4 e 6º

Serán os mesmos que de avaliación

Criterios avaliación alumnado con AC serán os incluídos na devandita adaptación

10.Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Segundo a Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (actualizada pola Orde de 25 de xaneiro de 2022), no seu Artigo 5 “Cualificacións e mencións honoríficas”, os equipos docentes poderán propor o outorgamento dunha mención honorífica ao alumnado que superase as áreas da etapa e obtivese sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

A proposta de “Mención Honorífica” farase constar na acta de avaliación.

Por maioría dos membros da Comisión de Coordinación Pedagóxica acórdanse o seguintes criterios para propor o outorgamento dunha mención honorífica ao alumnado que remate 6º de Educación Primaria:

- Ter unha media na avaliación ordinaria igual ou superior a 9,5 nos dous últimos cursos da etapa de Educación Primaria.
- Ter una competencia social e cívica exemplar (10).

11.As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias

As programacións didácticas estarán guiadas polo estilo pedagóxico do centro docente, que terá que considerar o profesorado para realizar o desenvolvemento das mesmas, ademais do nivel de competencia curricular de cada alumna e alumno e as axudas que precise.

- A primeira premisa na programación debe ser a súa utilidade: deben ser instrumentos útiles para un ensino e unha aprendizaxe de calidade.
- Atenderán ás necesidades do alumnado, ao seu contexto e características xerais. .
- Contemplan os obxectivos, contidos e a súa distribución temporal por unidades didácticas adaptados ás características do centro e do alumnado, incluíndo as distintas medidas de atención á diversidade que poidesen levar a cabo
- Guiaranse por criterios selectivos de aprendizaxes verdadeiramente relevantes e imprescindibles.
- Atenderán ás necesidades detectadas e terán en conta a Atención á Diversidade e o Plan de Acción Tutorial será o referente para o desenvolvemento dalgúns obxectivos contemplados nas programacións.
- Os obxectivos adaptaranse e darán preferencia a paliar as necesidades e carencias detectadas.
- Aparecerán os obxectivos educativos do Proxecto de Centro.

O profesorado do centro manterá o esquema de referencia que establece a aplicación PROENS:

- Introducción
- Relación de unidades didácticas
- Distribución currículo nas unidades didácticas
- Avaliación das unidades didácticas
- Concrecións metodolóxicas
- Materiais e recursos didácticos
- Procedemento para a avaliación inicial
- Criterios de cualificación e recuperación

- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
- Medidas de atención á diversidade
- Actividades complementarias
- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora
- Distribución Criterios de avaliación por Unidade Didáctica (por obxectivos/por bloque)
- Orientacións pedagóxicas: liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe .

12.Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que :

- Nos axudan a mellorar o éxito escolar e previr o abandono educativo temperán do alumnado.
- Contribúen a diminuír as barreiras de aprendizaxe que dificultan superar e conseguir os obxectivos do seu nivel educativo.
- Nos axudan a conseguir unha escola plural na que os conflitos se resolvan por medio do diálogo, unha mellor convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos
- Fomentan a competencia dixital por parte de todos os axentes da comunidade educativa.
- Apoian a cultura da experimentación, a creación e a investigación, en espazos creativos e cooperativos
- Aqueles que levan a cabo una acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.

13. O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, axustando sempre o seu contido ás novas modificacións legislativas que vaian xurdindo.

A súa revisión, avaliación e modificación será levada a cabo polo equipo directivo e o Claustro de profesorado coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación pedagóxica e tendo en conta as memorias finais de cada curso/área e as súas propostas de mellora.

Para a avaliación de cada un dos apartados da presente Concreción Curricular utilizaremos os seguintes indicadores:

- Aspectos conseguidos
- Aspectos alcanzados
- Aspectos ignorados
- Motivos causantes
- Propostas de mellora

Esta concreción Curricular foi aprobada por unanimidade polo Claustro do Ceip Antonio Blanco Rodriguez en reunión extraordinaria celebrada o 19 de setembro de 2023.